

REUNIÓN DO COMITÉ DE EMPRESA – XERENCIA

Acta de 16 de novembro do 2010

Asisten:

Vicerreitor de Estratexia e planificación económica: Fernández Castro, Ángel S.

Xerenta: Grela Barreiro, María Jesús

Presidente do comité: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)

Vicepresidente do comité: Ledo Pernas, Félix (CUT)

Secretario do comité: Muñiz Seijas, Juan Carlos (CUT)

Cordal Fustes, Jorge (CIG)

Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO)

Pena Pérez, Enrique José (CIG)

Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)

Rey Souto, María Teresa (UGT)

Ríos Barbeito, Manuel (UGT)

Rodríguez Barba, Ana María (CUT)

Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)

López Domínguez, Javier (CCOO)

Otero Canabal, Jorge (CCOO)

Non asisten:

Vicesecretario do comité: Boado Sexto, José Antonio (CUT).

Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)

Romero Beade, Manuel (USO)

Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)

Comezo da reunión ás 9,43

- Intervención do Vicerreitor:

- Plano 2011 2013 a xunta esixe un plano de sustentabilidade, mantense o 10 % da xubilación formulase eliminar prazas da RPT, e a conxelación de efectivos, pódese saber algo despois de elaborar o plano este ano, PDI 50% 2011 contía unha cantidade de un 5% non temos contía para os anos seguintes, non está claro o reparto entre as universidades, Dende o punto de vista da UDC di que os obxectivos si se formulan entre as distintas universidades, pero non temos parámetros correctores entre as distintas universidades, temos uns 28 millóns, para as tres universidades, pero 9 millóns por I mais D, estes están pendentes dentro dos planes de sustentabilidade. Se redacta un plano de sustentabilidade aínda que a UDC non está de acordo con este tipo de sistema. O plano estratéxico non se pode cumprir pola situación en que nos atopamos.
- Vicerreitor. Diñeiro gastado. A RPT se podería afrontar este ano, o problema é formal (xuridicamente) e económico para o futuro.
- Jorge Cordal. Se a RPT fose aprobada en xuño como se podería afrontar?
- Vicerreitor. Xa tería q verse, para poder ir cumpríndose no futuro.
- Xosé Portela. Insiste que repercute máis incisivamente no PAS laboral.
- Vicerreitor. Dí que depende moito dos ritmos de negociacións. Insiste que o primeiro interesado en ter unha boa RPT e el. Volve a falar sobre a falta de financiamento. Di que aínda non se pediu incremento de horas laborais ao PAS, ao profesorado se lle van a incrementar as horas de docencia.

- Xosé Portela. Se está externalizando o traballo na UDC.
- Vicerreitor. O capítulo VI se reduciu un 20 %, o que máis se reduciu.
- Xosé Portela. Cómo quedan as promocións?.
- Xerenta. Está a estudialas pero agora non. Insiste en que en su día se rexeitou cando foi informada negativamente a RPT.
- Jesús Puente. Di que non estaba na RPT, só reflectida a súa execución.
- Xerenta e Vicerreitor. A RPT cando estén os orzamentos do 2011 se sacará para o seu informe.
- Javier López. Cando estará o orzamento?.
- Vicerreitor. Xa tería que estar pero non pode precisar debido á dinámica dos acontecementos, agarda que a finais de decembro.
- Javier López. Poderá nesa data formularse a RPT e a transitoria no futuro? Compromiso.
- Vicerreitor e Xerenta. O espírito é cumprir o compromiso.
- Javier López. Funcionamento da udc, sobredimensión do servizo do PAS.
- Vicerreitor. Se quiso harmonizar e crecer pero os recortes obrigan.
- Jorge Cordal. Convocatorias pendentes da RPT 2005, se haberá problema para cumprilas?
- Xerenta. Non, pero convén apuralas todo o posible.

10,55 o Vicerreitor retírase.

- Xosé Portela. A udc non cedeu na transitoria como dí a xerenta, o coordinador de deportes debe saír como o resto de coordinadores.
- Xerenta. E partidaria de negociar, xuntar convocatorias e apurar todo o posible.
- Ábrese un debate sobre as convocatorias pendentes e cursos.
- Jesús Puente. Pide á xerenta a aclaración da súa postura na RPT.
- Xerenta. Cando haxa orzamento haberá RPT, pero empeorada coa negociada anteriormente e a transitoria irá na RPT coa interpretación q de a universidade.
- Xerenta. Pide q se indique na acta q Jesús Puente di q a transitoria non se negociou por parte da xerencia.
- Jesús Puente. Aclara que non quixo dicir iso. Só que deberá ser negociada de novo.
- Enrique Pena. Posibilidade de cubrir unha praza no seu servizo que leva 2 anos desprovista.
- Xerenta. Non ten problema. Haberá que elaborar una lista de espera ou examinar se quedou alguén dunha listaxe anterior.
- Pedro Monteserín. Pregunta sobre os trescentos mil euros remanentes.
- Xerenta. Di que xa se está gastando en diversos conceptos que repercuten no PAS (adeslas... etc).
- **11,35 Retírase a Xerenta.**
- Decídese que os membros do comité queden para levar a cabo unha reunión de análise sobre esta xuntanza.